

# PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP ANTONIO BLANCO  
RODRIGUEZ  
(COVELO)

## **INDICE**

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>PÁX - 04</b>
<b>2. CONTEXTO</b>	<b>PÁX - 04</b>
2.1. O CENTRO E A SÚA CONTORNA	
2.2. A COMUNIDADE EDUCATIVA	
2.3. A CONVIVENCIA NO CENTRO	
<b>3. OBXECTIVOS</b>	<b>PÁX - 05</b>
3.1. OBXECTIVOS XERAIS	
3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
<b>4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORAS DA CONVIVENCIA</b>	<b>PÁX - 06</b>
<b>5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO</b>	<b>PÁX - 07</b>
5.1 NORMAS RELATIVAS AOS PAIS E NAIS	
5.2 NORMAS RELATIVAS AO PROFESORADO	
5.3 NORMAS RELATIVAS AOS ALUMNOS	
<b>6. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</b>	<b>PÁX - 10</b>
6.1 PRINCIPIOS XERAIS	
6.2 CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	
<b>7. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA</b>	<b>PÁX - 12</b>
7.1 PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS	
7.2 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS	
7.3 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	
7.4 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	
7.5 RESPONSABLES DA APLICACION DAS MEDIDAS	
7.6 PROCEDEMENTO DA CORRECCIÓN DAS CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO	

**8. PROCEDIMIENTO DA CORRECCIÓN DAS CONDUTAS GRAVEMENTE  
PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO** PÁX - 19

**8. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

- 8.1 COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA*
- 8.2 COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA*
- 8.3 PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA*

**9. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO  
ESCOLAR** PÁX - 21

- 9.1. FASES*
- 9.2. O CIBERACOSO OU CIBERBULLYING*
- 9.3. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN NO CENTRO*

**10. A ESCOLA DE PAIS E NAIS DE COVELO** PÁX - 25

- 10.1 A QUEN VAI DIRIXIDA ESTA ESCOLA?*
- 10.2 CANDO E ONDE SE LEVA A CABO ESTA ESCOLA DE PAIS E NAIS?*
- 10.3 QUE TEMÁTICAS SE TRATAN NESTA ESCOLA DE PAIS E NAIS?*
- 10.4 QUE METODOLOXÍA USAREMOS?*

**11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS,  
OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E ORGANISMOS DA CONTORNA** PÁX - 27

**12. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA** PÁX - 28

**13. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**  
PÁX - 28

- 13.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN*
- 13.2 CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN ANUAL DA CONVIVENCIA ESCOLAR*

**14. ANEXOS** PÁX - 29

## 1. INTRODUCCIÓN

A **convivencia escolar** é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

O **plan de convivencia do Ceip Antonio Blanco Rodriguez** é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia neste centro .

Este Plan de Convivencia ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado así como no *Decreto 8/2015 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

## 2. CONTEXTO

### 2.1. O CENTRO E A SÚA CONTORNA.

O Centro atópase no concello de Covelo que abrangue tódalas localidades do mesmo ademais das parroquias de Lugares, Couto, pertencentes ao Concello de Mondariz.

Trátase dunha zona rural non demasiado desenrolada industrialmente e economicamente. A maioría da poboación adícase á agricultura e a gandería, sendo os seus principais ingresos económicos os que perciben das labores do campo. Trátase, en xeral, dunha poboación obreira sendo a súa renta per cápita baixa.

A maioría dos alumnos/as, agás excepcións, asisten regularmente ao Centro. Presentan os seguintes trazos ou características:

- Proceden de familias cun nivel cultural medio-baixo
- O seu poder económico é medio-baixo.
- Unha porcentaxe relevante, presenta carencia de interese polo proceso de ensino-aprendizaxe, aínda que debemos subliñar que nos últimos anos estanse producindo avances significativos, en parte polas medidas que se están introducindo a través dos diferentes programas do centro.
- Nas últimas avaliacións de diagnóstico o nivel do centro atópase un pouco por debaixo da media galega.

Resulta en ocasións difícil motivar aos alumnos/as, xa que existe, unha certa porcentaxe do alumnado cunha carencia de interese por aprender. Desde un punto de vista afectivo, unha porcentaxe significativa procede dun ambiente familiar que presente algún tipo de carencia. O interese das familias, polo rendemento académico dos seus fillos/as, é xeralmente baixo. Esta situación estase tratando de revertir a través de distintas medidas, destacando sobre elas o plan de acción tutorial.

### 2.2. A COMUNIDADE EDUCATIVA

**Profesorado:** O claustro do Ceip Antonio Blanco Rodriguez, está composto por 17 profesores.

**Familias:** A colaboración das familias co centro en xeral é positiva, aínda que se detecta certa falta de implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as.

**Alumnado:** Salvo casos moi concretos apenas hai absentismo escolar, non obstante lévase un rigoroso control das faltas.

### **2.3. A CONVIVENCIA NO CENTRO**

O actual clima de convivencia no centro é bo e satisfactorio.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- *Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros cando non se debe...*
- *Faltas de respecto (verbais e físicas) entre iguais.*
- *Desobediencia ás ordes do mestre/a.*
- *Pequenos conflitos no patio á hora do recreo.*

## **3. OBXECTIVOS**

### **3.1. OBXECTIVOS XERAIS:**

1. Facilitarlles ao equipo directivo e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha idónea convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e conseguir un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado.
3. Fomentar nos centros docentes os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
6. Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións da contorna que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

### **3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

1. Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.

2. Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
3. Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias- profesorado).
4. Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
5. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de maneira que favorezan o clima de centro.
6. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula. Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
7. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
8. Propor actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
9. Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
10. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
11. Formar aos diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
12. Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
13. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
14. Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: o concello e con outras organizacións non oficiais (asociacións, ong...).

## **4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS FAVORECEDORAS DA CONVIVENCIA**

- Plan de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro.(recollido no Plan de acción tutorial)
- Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais,dirixidas á comunidade educativa.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres e na prevención da violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por raza, sexo, condición persoal ou social, procedencia etc.
- Organización da vixilancia de patios, recreos e espazos considerados de risco.

- Fomento da participación do profesorado en actividades formativas destinadas a mellorar a súa competencia no ámbito da educación para a paz, a non violencia, a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación, a resolución pacífica de conflitos etc.

## **5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

As normas de convivencia han de entenderse como unha serie de propostas dirixidas á Comunidade Educativa, referidas a comportamentos ou actitudes específicas que garantan as relacións comunitarias e o traballo en común.

O seu contido axustarase a aspectos concretos e específicos dos diversos comportamentos e condutas favorecedoras das relacións interpersoais, evitándose formulacións impositivas ou prescritivas.

Terase en conta as seguintes áreas de tratamento para a convivencia do Centro.

- *Correcto desenvolvemento das actividades académicas.*
- *Respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa.*
- *Bo uso das dependencias e instalacións do Centro.*

### **5.1 NORMAS RELATIVAS AOS PAIS E NAIS**

#### **EN REALCIÓN CO CENTRO**

- Coñecer as normas de organización e funcionamento (N.O.F) e observar as normas contidas no mesmo e o Regulamento de Réxime Interno.
- Coñecer as Normas de Convivencia do Centro e observar as normas e correccións nelas.
- Atender ás citacións do centro e acudir a este cando se lle require tanto individual como colectivamente.
- Gardar no Centro un comportamento educado.
- Notificar os cambios de residencia e de teléfonos.
- Repoñer ou aboar o importe dos danos ocasionados por o seu fillo/a no material ou nas instalacións do Centro por un uso inadecuado.

#### **EN RELACIÓN COS PROFESORES/AS**

- Colaborar co profesorado na educación dos seus fillos/ás, atendendo a as súas indicacións e axudando á corrección de actitudes de indisciplina.
- Chegar a acordos con profesores e titores dos seus fillos sobre aspectos fundamentais da súa Educación (atención ao estudo, alimentación, sono, descanso, etc.)
- Facilitar ao titor/a información, sobre aspectos relativos á educación dos seus fillos/ás.
- Non desautorizar a acción do profesorado en presenza do seu fillo/a.
- Participar voluntariamente co profesorado na programación de aquelas actividades para as que se solicite a súa axuda.
- En caso de separación xudicial dos pais, xustificar a quen corresponda a garda e custodia dos fillos/ás.

#### **EN RELACIÓN COS FILLOS/AS**

- Facilitar ao seu fillo/a cantos medios sexan necesarios para levar a cabo as tarefas e actividades que lle indique o profesorado.
- Facilitar o cumprimento das obrigas dos seus fillos/ás respecto ao colexio: estudo, puntualidade, orde, aseo, etc...
- Xustificar as ausencias e atrasos do seu fillo/a durante o horario escolar.
- Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada os alumnos/as de que non usen o transporte.
- Recoller persoalmente ou mediante persoa autorizada o alumnado que teña que ausentarse do centro durante o horario escolar, asinando un impreso en dirección.
- Estimular ao seu fillo/a no respecto ás normas de convivencia do centro como elemento que contribúe á súa formación.

## **5.2 NORMAS RELATIVAS AO PROFESORADO**

### **EN RELACIÓN CONSIGO MESMO**

- Asistir ás súas clases con puntualidade e ás reunións para as que fose convocado.
- Vixiar o alumnado nos recreos, sendo puntual no cumprimento do horario quendas e normas establecidas.
- Velar puntualmente pola necesaria orde do Centro, coidando de que os alumnos/a permanezan no lugar que lles corresponde segundo o seu horario e non permitindo que permanezan nos corredores durante as horas de clase, nin nos cambios de clase.

### **EN RELACIÓN COS ALUMNOS/AS**

- Non realizar distincións entre os seus alumnos/ás, nin adoptar comportamentos discriminatorios por razón de raza, sexo ou relixión.
- Preocuparse polas súas condicións que inflúen no proceso educativo do alumnado.
- Individualizar dentro do posible o ensino, acomodándose aos coñecementos e características de cada alumno/a.
- Atender á diversidade do seu alumnado, dentro das súas posibilidades, poñendo en marcha os mecanismos legais axeitados: reforzos, adaptacións curriculares e flexibilizacións.
- Velar polo cumprimento do normal desenvolvemento das actividades docentes e non docentes

### **EN RELACIÓN AO CENTRO**

- Ser responsable do alumnado dende a entrada ata a saída do recinto escolar.
- Informar ao titor/a das incidencias que acontezan no seu grupo e controlar a asistencia a clase do alumnado no parte de faltas da aula.
- Cooperar no mantemento e bo uso do material e instalacións do centro.
- Colaborar co profesorado de garda e Xefatura de Estudos no mantemento da orde necesaria para o bo funcionamento do Centro.
- Cubrir os datos en XADE nos períodos establecidos.



- Non fuxir das actividades e implicarse nas actividades do centro.

### **EN RELACIÓN COAS NAIS E PAIS**

- Manter contactos periódicos cos pais dos alumnos, dentro do horario previsto para este fin.
- Contactar cos pais ou persoa autorizada en caso de que o seu fillo se puxese enfermo ou sufrise algún accidente durante o horario lectivo.
- Recibir a visita das familias cando o soliciten, cumprindo os horarios e normas establecidas para o caso.

## **5.3 NORMAS RELATIVAS AOS ALUMNOS/AS**

### **REFERENTES AO SEU COMPORTAMENTO**

- Asistir puntualmente ás actividades escolares.
- Circular por corredores e escaleiras de xeito correcto.
- Manter a orde e o silencio nas entradas e saídas ás clases, tanto á entrada e saída de: xornada escolar, recreo, cambios de clase ou outra actividade que implique mobilidade polo Centro.
- Levar ás clases os libros e o material escolar que sexan precisos.
- Non levar ao colexio o teléfono móbil ou aparatos electrónicos dado que o seu uso por parte do alumnado está totalmente prohibido (excepcionalmente poderase utilizar baixo a supervisión dun profesor como ferramenta pedagóxica).
- Responsabilizarse dos encargos que se lle encomenden.
- Entregar os xustificantes das faltas de asistencia formulados polas súas familias.
- Entregar ás súas familias as follas informativas, comunicacións, boletíns de notas, etc... que lle faciliten dende o centro.
- Utilizar un vocabulario correcto.
- Acudir aos servizos hixiénicos nos casos de verdadeira necesidade.

### **REFERENTES AOS SEUS COMPAÑEIROS/AS**

- Non agredir, insultar, nin humillar os seus compañeiros/as no centro.
- Respectar todas as pertenzas dos demais.
- Non perturbar a marcha das clases.
- Colaborar cos seus compañeiros/as en actividades escolares.
- Evitar os xogos violentos.
- Respectar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros.

### **REFERENTES AOS PROFESORES/AS**

- Manter un trato respectuoso co profesorado e persoal ao servizo do centro.
- Colaborar para esclarecer as cuestións que se formulen na vida do centro.
- Realizar as tarefas e actividades que se lles asignen.

## REFERENTES AO CENTRO

- Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- Durante as horas de clase ningún alumno poderá permanecer no pasillo e durante o tempo do recreo, os alumnos permanecerán no patio.
- Comportaranse correctamente tanto de forma individual como en situacións colectivas (saídas, transporte escolar, actividades extraescolares) cooperando ao bo desenvolvemento destas.
- Coidar de que as aulas, pasillos e servizos se manteñan limpos e ordenados.
- Participar de acordo coa súa idade, na organización do Centro.
- Non se ausentar do Centro sen coñecemento do profesorado responsable en cada momento sendo sempre acompañado por un adulto e asinando un impreso en dirección.
- Vir ao Centro correctamente e debidamente aseados.

## 6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

### 6.1 PRINCIPIOS XERAIS

Debemos ter en conta os seguintes principios xerais:

*- Ningún alumno/a poderá ser sancionado por condutas distintas ás tipificadas como faltas neste regulamento.*

*- Non só se poderán corrixir os actos que se realicen dentro do recinto escolar ou en actividades complementarias ou extra escolares, senón tamén aqueles que se realicen fóra pero que estean motivados ou teñan relación coa vida escolar ou con calquera membro da comunidade educativa.*

*- Os incumprimentos das normas de convivencia e as correccións que poidan proceder, valoraranse tendo en conta que:*

*.Ningún alumno/a poderá ser privado/a do exercicio do seu dereito á educación, nin do dereito a escolaridade no ensino obrigatorio.*

*.Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno/a.*

*.Deberase ter en conta a idade e as circunstancias familiares-sociais do alumno/a antes de resolver o procedemento corrector.*

*.Consideraranse circunstancias atenuantes o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta e a falta de intencionalidade.*

*.Consideraranse circunstancias agravantes a premeditación e a reiteración, ou causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou os acabados de chegar ao Centro.*

*.As correccións que se impoñan terán sempre como finalidade un carácter educativo e recuperador, contribuíndo á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe do alumno/a.*

### 6.2 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

- O concepto de **falta** enténdese como un incumprimento total ou parcial das **normas de convivencia do centro** concretadas no regulamento de réxime interior.

## 6.2.1 CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia**, de acordo co establecido nesta sección.

2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

### Condutas GRAVEMENTE prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido neste Plan e nas leis nas que se basea.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa (DOG do 15 de xullo de 2011), cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

## **Condutas LEVES contraria á convivencia**

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no punto a), os actos de *discriminación do punto b)*, *os actos de indisciplina do punto c)*, *os danos do punto g)*, *os actos inxustificadas do punto h)* e as actuacións prexudiciais descritas no punto i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co punto j) do artigo anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente

### **6.2.2 PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

1. **As condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección **prescriben aos catro meses** da súa comisión e as condutas leves **contrarias á convivencia, ao mes.**

2. **O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.**

3. No caso das **condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia, **interromperá a prescrición a iniciación**, con coñecemento do interesado ou da interesada, **do procedemento para a corrección da conduta**, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

## **7. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

### **7.1 PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS**

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un **carácter educativo e recuperador**, garantirán o **respecto dos dereitos do resto do alumnado** e procurarán a **mellora da convivencia no centro** .

2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes **principios**:

a) *Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.* Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

b) *Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.*

c) *A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.*

d) *Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.*

## **7.2 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS**

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o **departamento de orientación elaborará e desenvolverá un PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS** dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3. **A AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**, no noso centro estará situada na xefatura de estudos, con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

No Plan Xeral de Atención á diversidade do noso centro faise referencia no punto 4-1.5 á *“Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia”*

Ver documento: **Protocolo de Funcionamento da Aula de Convivencia.**

#### 4. AULA DE CONVIVENCIA COMO MEDIDA CORRECTORA NO TEMPO DE LECER.

*Como medida correctora de condutas inapropiadas e con carácter inminente á ocorrencia dos feitos, o alumno/a sancionado poderá ser suspendido do dereito de desfrutar de tempos de lecer xunto ao resto dos compañeiros.*

Neste tempo o alumno/a poderá facer uso da Aula de Convivencia e estará sempre acompañado polo mestre/a que impuxo a dita medida correctora, informando previamente á Xefatura de Estudos.

O alumno/a que acuda á Aula de Convivencia deberá traer o seu propio material e procederase á desinfección correcta da aula despois de cada sesión.( protocolo Covid-19)

No caso de que esta medida correctora se prolongue no tempo e sexa necesaria a participación do resto do profesorado na vixiancia e control do alumnado sancionado na Aula de convivencia deberase seguir o seguinte protocolo de actuación:

1. *Cubrir un parte de incidencias.*
2. *Anotar a conduta sancionada e a medida correctora imposta.*
3. *Informar á Xefatura de Estudos e á persoa responsable da Convivencia no centro.*

### 7.3 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de **tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.**
- b) **Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro** por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) **Cambio de grupo.**
- d) **Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases** por un período de **entre catro días lectivos e dúas semanas.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) **Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro** por un período de entre **catro días lectivos e un mes.** Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### 7.4 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) **Amoestación** privada ou por escrito.
- b) **Comparecencia** inmediata ante a persoa que ocupe a **xefatura** de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de **traballos** específicos en horario lectivo.

d) Realización, en **horario non lectivo**, de **tarefas** que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

e) **Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares** ou complementarias do centro por un período de **ata dúas semanas**.

f) **Cambio de grupo** por un período de **ata unha semana**.

g) **Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases** por un período de **ata tres días lectivos**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) **Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

## **7.5 RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS**

A imposición das **medidas correctoras de condutas leves** contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos , no caso das medidas previstas nos puntos a), b) e c) do punto anterior.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos no caso das medidas previstas nos puntos a), b), c) e d) do punto anterior.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos puntos), c), d), e) e f) do punto anterior

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nos puntos g) e h) do punto anterior .A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

A imposición das **medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais** para á convivencia levaraa a cabo:

1. **A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector**, imporá as correccións enumeradas no punto 6.3.3 de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa en Galicia.

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

## **7.6 PROCEDIMENTO DA CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO**

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante **dous procedementos diferentes: conciliado ou común**.



2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Correspóndelle á **dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir** en cada caso, logo da recollida da necesaria información, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado tutor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar

4. A dirección do centro informará o profesorado tutor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

5. No centro quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

### **Inicio do procedemento de corrección**

1. No prazo de **tres días lectivos**, contados desde que se tivo coñecemento da **conduta merecedora de corrección**, a dirección do centro notificaralle esta por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrecese ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o **procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento** no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a **dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.**

4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.

5. A persoa **instrutora** terá as seguintes **funcións**:

a) *Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.*

b) *Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.*

c) *Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras establecidas.*

d) *Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.*

*d) A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no Decreto 8/2015 e comunicaráselle á Inspección Educativa.*



## 7.6.1 PROCEDIMIENTO CONCILIADO

1. O procedemento conciliado pretende **favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.**

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes **requisitos**:

a) *Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.*

b) *No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.*

3. O procedemento conciliado **non procederá** nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

e) O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no Decreto 8/2015.

### 4. Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno os ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a **dirección convocará** a persoa docente designada como **instructor/a** do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, **no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.**

2. Na reunión, a persoa **instrutora** recordaralles ás afectadas e aos afectados ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ao alumno e as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa **instrutora** exporá e **valorará a conduta** que é obxecto de corrección **facendo fincapé nas consecuencias** que tivo para a **convivencia escolar** e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, **proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta.** A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas **opinións** sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de disculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como **circunstancia que condiciona a súa responsabilidade**, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, **as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras establecidas neste Plan**. Deberá quedar **constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas** por das persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno ou alumna.

O acordo consensuado polas partes será **ratificado** pola persoa que exerza a **dirección** do centro.

6. O **incumprimento** por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o **procedemento común**.

7. O procedemento conciliado **finalizará** unha vez obtido o **acordo** entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.

8. No procedemento conciliado actuará unha **persoa mediadora** na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As **funcións** que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) *Contribuír ao proceso de conciliación.*
- b) *Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.*
- c) *Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.*

## 7.6.2 PROCEDEMENTO COMÚN

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa *posible desenvolver o procedemento conciliado*.

2. O *procedemento común* require da instrución dun procedemento corrector.

3. A persoa **responsable** da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa **docente** do centro designada como persoa **instrutora**.

2. A persoa instrutora deberá **precisar no expediente o tipo de conduta** da alumna ou do alumno, así como a **corrección** que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. A persoa instrutora disporá de **cinco días lectivos para a instrución do procedemento** corrector, contados a partir da súa designación.

3. **Finalizada** a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará **audiencia á alumna** ou ao alumno e, ás persoas **proxenitoras** ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar **no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación**. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado **expedirase acta**.

### 7.6.3 RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CORRECCIÓN, RECLAMACIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS

1. Á vista da **proposta** da **persoa instrutora**, a **dirección** do centro ditará a **resolución escrita** do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

*a) Feitos probados.*

*b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.*

*c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.*

**Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.**

2. A dirección do centro **notificaralle por escrito** ás persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno ou alumna a **resolución** adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instructor, e **remitiraa á xefatura territorial correspondente.**

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia **poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das persoas proxenitoras ou** representantes legais do alumno ou alumna, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executadas.

### 7.6.4 COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

1. **En todos os casos de condutas contrarias á convivencia**, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase **suspender a aplicación das medidas correctoras** adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida e, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e **asinan un compromiso educativo para a convivencia.**

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou e as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de **formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas**, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas.

## 8. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de Convivencia será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación

do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar e velará pola correcta aplicación deste Plan.

## 8.1 COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

- O Director
- O Xefe de Estudos
- Mestres ou mestras
- Representante do Consello escolar
- O Orientador
- Representante do persoal non docente

## 8.2 COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

- a) Adoptar as **medidas preventivas** necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- b) Impulsar accións dirixidas á **promoción da convivencia**, especialmente o fomento de actitudes para garantir a **igualdade entre mulleres e homes**, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- c) Propor ao consello escolar as **medidas** que considere oportunas para **mellorar a convivencia**, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- d) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do **equipo de mediación**.
- e) Coñecer o **cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras** nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- f) Realizar o **seguimento dos compromisos** de convivencia subscritos no centro.
- g) Elaborar unha **memoria anual sobre a análise da convivencia** e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe **será trasladado ao consello escolar** do centro e ao correspondente **servizo territorial de Inspección Educativa**.
- h) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## 8.3 PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A Comisión de convivencia reunirse polo menos unha vez ao trimestre (reunións ordinarias) e tratará, entre outras as seguintes cuestións:

**1º Trimestre: Diagnóstico e proposta de contidos.**

**2ª Trimestre: Seguimento do Plan.**

**3º Trimestre: Valoración do cumprimento.**

De cada reunión levantarase unha **acta** que formará parte da **memoria anual** da Comisión de Convivencia.

## 9. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase **acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza**. Terán a mesma consideración as **condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticas ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar**. O acoso escolar terá a consideración de **CONDUTA GRAVEMENTE PREXUDICIAL PARA A CONVIVENCIA**, consonte o establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015.

Neste centro seguiremos as pautas establecidas no **Protocolo de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso publicado pola Xunta de Galicia en Outubro de 2015** e cuas liñas xerais de actuación podemos ver a continuación.

### 9.1. FASES

- **PRIMEIRA FASE: coñecemento, identificación e comunicación da situación.**

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a **obligación de poñelo en coñecemento** da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a **confidencialidade** e a **discreción** nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: aula de titoría e/ou comunicación verbal a un adulto.
- Familia: atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección.
- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumna do implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoal de administración e servizos: comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

A continuación, **rexistrarase de forma escrita a comunicación** desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do anexo 1 do Protocolo de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

*En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.*

- **Segunda Fase: recollida de información e rexistro.**

**A información debe recollese dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco** para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna presuntamente acosado/a, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coida dores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado*
- Persoa que recolle a demanda.*
- Persoa que comunica a situación.*
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.*
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.*
- Feitos observados.*

### ● **Terceira Fase: análise da información e adopción de medidas**

Antes de adoptar calquera medida é necesario **contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes**. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirlles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, **deberá ser comunicada polo responsable das averiguacións previas á dirección do centro**, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións **recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento**

As actuacións que constitúan **acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia e **non** poderán ser constatadas e corrixidas **sen a previa instrucción dun expediente**.

Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- *Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.*
- *Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.*
- *Ao profesorado titor do alumnado implicado.*

### ● **Cuarta Fase: seguimento e avaliación das medidas adoptadas**



Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario **continuar** levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, **un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación** de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro) e o tempo no que se mantén o efecto das intervencións.

Este seguimento levarase a cabo coa intención de **comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas**, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, débense **programar encontros periódicos**, especialmente coa vítima, para comprobar se a actuación foi eficaz: se xa non hai maltrato, se mellorou a situación da vítima e se a persoa ou persoas agresora/s modificaron a súa actitude e conduta.

A **dirección debe responsabilizarse** de que se leven a cabo as **medidas previstas e informará á Inspección Educativa** do seu grao de consecución, segundo a temporización prevista.

## **9.2. O CIBERACOSO OU CIBERBULLYING**

O ciberacoso ou cyberbullying é **o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.**

### **9.2.1 TIPOS DE CIBERACOSO**

O ciberacoso pode concretarse en:

- **Fustrigamento:** cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- **Exclusión:** cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- **Manipulación:** cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome...

### **9.2.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o **establecido no Protocolo de Acoso Escolar**, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.) coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).

- Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.

Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

- *Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.*
- *Natureza e difusión das accións.*
- *Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso.*
- *Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso*
- *Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.*
- *Repercusión e impacto na vítima.*
- *A información recollida deberá detallar, ademais:*
- *Relación co ámbito escolar.*
- *Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.*
- *Efectos*

## **9.3. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN NO CENTRO**

### **9.3.1 ACTUACIÓNS PREVENTIVAS**

#### **Actividades de integración, participación e acollida**

- Acollida ao alumnado de E. I. de tres anos de forma gradual.
- Acollida do profesorado novo no Centro ensinándolle todas as súas

dependencias (protocolo de actuación)

- Aulas extraescolares.

#### **Elaboración de Normas de clase**

- Traballar na aula as normas de clase

#### **Relacións Familia-Centro**

- Reunión de pais por ciclos e titorías.
- Entrevistas.
- Información das Normas de Convivencia
- Escola de pais.

#### **Actividades de sensibilización Acoso-Maltrato**

- Utilización das actividades propostas a través do Plan de Acción Titorial, concretamente do Programa de Habilidades Sociais do Centro como prevención ao maltrato ou acoso escolar.
- Promover actividades de detección precoz do acoso a través do Plan de Acción Titorial, procurando facilitar canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas da situación de acoso escolar .
- Charlas e campañas sobre a Prevención de condutas violentas e a educación para a Paz.



- Actividades encamiñadas a evitar e erradicar condutas xenófobas e racistas.
- Actividades encamiñadas á seguridade en internet, o uso das novas tecnoloxías e a prevención do ciberacoso.

#### **Actividades de Sensibilización igualdade homes-mulleres**

- Realización de actividades con equipos mixtos.
- Charlas sobre coeducación.
- Campañas que fomenten a igualdade entre o home a muller e a non violencia.

#### **Organización da vixilancia**

- Vixiar os patios no horario de recreos.
- Vixiar a saída do Centro na zona autobuses.

### **9.3.2 ACTUACIÓNS CONXUNTAS**

A liña metodolóxica na acción Titorial basearase nas seguintes técnicas e estratexias:

- Entrevistas periódicas cos pais, os propios alumnos, especialistas e mestres con apoio educativo, outros mestres que atendan ao grupo, Equipos de Apoio Externo, e profesionais doutras institucións que poidan incidir no alumnado a nivel xeral ou individual, tales como Centro de Saúde, Servizos sociais, ....
- Observación sistemática do alumnado.
- Estudio e valoración das fichas de seguimento.
- Aplicación de cuestionarios.
- Sociogramas e técnicas de dinámica de grupos.
- Estudio e análise de casos concretos.
- Resolución de problemas individuais ou grupais.
- Reunión de titores e unificar criterios.

## **10. A ESCOLA DE PAIS E NAIS DE COVELO**

O concepto e as funcións da familia estiveron historicamente en cambio permanente, adaptándose progresivamente ás novas situacións e retos que a sociedade ha ir expondo no transcurso dos séculos, como foron e son os cambios demográficos, económicos, sociais e culturais.

Unha das funcións máis importantes é a **educadora**, como primeiro axente socializador dos fillos.

Falouse moito da paternidade e da maternidade responsable, sabendo que o traballo dos pais cos seus fillos é complexo e continuo, á vez que gratificante, pois na súa evolución persoal, os fillos necesitaron e seguirán necesitando da axuda, estímulo, tutela, comprensión e agarimo dos seus pais.

Para poder desenvolver adecuadamente as súas funcións, os pais necesitan información e formación previa. Os pais teñen que estar permanentemente involucrados no proceso de formación dos seus fillos e formar significa, criar e educar.

As actuacións de axuda á familia, sempre redundarán en beneficios globais para a sociedade. Aquí reside a importancia desta **Escola de Pais e Nais de Covelo**, xa que nela abórdanse todos os temas que os pais e nais deben coñecer para desenvolver as súas funcións como tales, achegándolles coñecementos e actitudes positivas ante a vida e o desenvolvemento dos seus fillos.

A finais do curso 2013-2014, o CEIP de Covelo puxo en marcha o esta Escola de pais e nais, que a día de hoxe se complementa co establecido no **artigo 27 do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a lei do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de onvivencia escolar.

### **10.1 A QUEN VAI DIRIXIDA ESTA ESCOLA ?**

Como o seu nome indica, esta escola está dirixida a todos os pais e nais dos alumnos/as do CEIP Antonio Blanco Rodriguez de Covelo, pero non só a eles, senón que tamén está aberta a todos aqueles avós, avoas, tíos... que queiran profundar nas diversas temáticas relacionadas coa educación dos máis cativos da familia.

### **10.2 CANDO E ONDE SE LEVA A CABO ESTA ESCOLA DE PAIS E NAIS ?**

A Escola de Pais e nais, ten lugar **na Aula-Auditorio do centro** escolar os **luns, de 15:05 a 16:00 h**. Este horario é susceptible de cambios se os destinatarios así o manifestan.

### **10.3 QUE TEMÁTICAS SE TRATAN NESTAS ESCOLA DE PAIS E NAIS ?**

Partindo da idea de que está é unha escola aberta e flexible, na que todos os participantes poden facer as súas suxerencias, peticións... dende o centro propoñemos unha serie de temas a tratar ó longo do curso que poderán modificarse ou ampliarse en función das demandas e propostas dos pais/nais. Os temas que nós propoñemos, é que son susceptibles de modificación e ou ampliación ,son os seguintes:

- *O comezo do curso escolar.*
- *A importancia de fomentar a empatía nos nosos fillos e fillas.*
- *As Habilidades Sociais, habilidades para a vida.*

- *A educación en valores dende a casa e a escola.*
- *O desenvolvemento Integral dos nosos fillos. Como favorecelo?*
- *A intelixencia emocional.*
- *Os nenos e as mentiras.*
- *Celos entre irmáns.*
- *O papel dos avós na educación dos nosos fillos/as.*
- *Como marcar límites ós nosos fillos/as. Saber dicir NON.*
- *Castigos e Reforzos.*
- *Importancia da colaboración familia-escola na educación.*
- *Facendo Autocrítica e crítica construtiva: familia-escola.*
- *Como previr as condutas violentas nos nenos/as.*
- *Introdución a educación afectivo-sexual.*
- *Riscos e beneficios dos videoxogos.*
- *Preparándonos para o futuro inmediato. Era dixital.*
- *Manexo e xestión na infancia das redes sociais e internet.*
- *Ciberacoso. Seguridade na rede.*

#### **10.4 QUE METODOLOXÍA USAMOS ?**

A metodoloxía basease fundamentalmente na participación activa por parte dos pais/nais. A Orientadora do centro e o Xefe de Estudos (encargados desta escola) exporán o tema a tratar pero serán os propios participantes os que vaian construíndo os contidos da sesión, coas súas achegas, as súas suxestións... Levaremos a cabo dinámicas e debates e intentaremos discutir os temas que estean de actualidade nese momento no centro e na contorna, a través de análise de novas do xornal, programas de t.v. etc.

### **11. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS, OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E ORGANISMOS DA CONTORNA.**

- **Coordinación cos titores/as:** O orientador do Centro establecerá unha reunión mensual individualizada con cada titor/a onde , entre outros temas se analizarán asuntos referidos á evolución da convivencia escolar no centro.
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** Un dos temas a tratar nestas reunións mensuais será o da convivencia escolar.
- **Tutorías e reunións cos pais e Escola de pais:** Farase especial fincapé nos temas relacionados coa convivencia escolar, a prevención do acoso, do ciberacoso etc.
- **Coordinación e colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Covelo e coa Pediatra** cando sexa necesario transmitirilles ou solicitarilles información , axuda etc.

## 12. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Ao Plan de convivencia daráselle difusión no **Centro**, usando para iso as **tutorías** co alumnado, as **reunións** cos pais, reunións de **Claustro** e Consello Escolar; así mesmo se solicitará colaboración do ANPA para a difusión do Plan de convivencia dentro do ámbito de actuación. De igual forma difundirase o devandito Plan a través do **Xornal** escolar e Páxina **Web** do Colexio.

## 13. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O seguimento e avaliación do Plan de Convivencia realizarase por:

- *O profesorado: Nas revisións trimestrais do Plan de Centro, dentro dos equipos docentes, informando o Claustro.*
- *O alumnado: Revisión na tutoría.*
- *O Consello Escolar será informado e propondrá as medidas oportunas ou melloras ao Plan de Convivencia.*

Para evidenciar o éxito obtido nas distintas accións é preciso seleccionar indicadores de logro. Os indicadores deben ser claros, simples e co obxectivo de conseguir unha mellora.

### 13.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para medir os indicadores pódense utilizar distintos **instrumentos de avaliación:**

- *Cuestionarios para o alumnado, profesorado e familias ou outros instrumentos acordados.*
- *Anotacións.*
- *Instrumentos de autoavaliación para o alumnado.*
- *Informes das persoas titoras e do equipo directivo.*
- *Informes da comisión de convivencia e consello escolar.*
- *Reproducións de calquera tipo.*
- *Diarios.*
- *Entrevistas.*
- *Cuestionarios.*

- *Memoria final de curso, incluíndo valoracións de todas as persoas implicadas sobre as repercusións das medidas adoptadas na vida do centro.*
- *Outros que poidan surxir no desenvolvemento deste Plan.*

## **13.2 CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN ANUAL DA CONVIVENCIA ESCOLAR**

- 1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.*
- 2. Alcance do plan de convivencia.*
- 3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.*
- 4. Renovación do plan de convivencia.*
- 5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia.*
- 6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.*
- 7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.*
- 8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.*
- 9. Actividades formativas á comunidade educativa para a mellora da convivencia.*
- 10. Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas.*
- 11. Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.*
- 12. Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.*
- 13. Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.*
- 14. Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico.*
- 16. Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro.*

## **14. ANEXOS**

## ANEXO 1



### FICHA DE REFLEXIÓN PARA A AULA DE CONVIVENCIA

O teu NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

CURSO : \_\_\_\_\_ LUGAR DOS FEITOS \_\_\_\_\_

DATA: \_\_\_\_\_ HORA : \_\_\_\_\_ PROFESOR/A \_\_\_\_\_

*Se necesitas máis espazo podes utilizar a parte de atrás da folla.*

1. Que pasou? Conta os feitos de maneira obxectiva, sen valoracións nin críticas. Que, como, cando e con quen pasou?
2. Como che sentiches.
3. Por que actuaches así? Causas da túa actuación
4. Como crees que se sentiron as demais persoas?
5. Que consecuencias tiveron os teus actos, tanto para ti como para as demais persoas?
6. De que outra maneira podías actuar?
7. Que se che ocorre que podes facer para compensar o que fixeches e evitar que volva pasar?
8. *Estás disposto/á facelo?*

## ANEXO 2

### O BLOC DE INCIDENCIAS

Contamos con un BLOC DE INCIDENCIAS coma o que se mostra na imaxe, que o profesorado deberá cubrir en caso de que se produza algunha conduta das tipificadas no mesmo ou aquelas outras recollidas como leves e graves neste Plan de convivencia.

O profesor ou profesora deberá entregalo debidamente cuberto ao Xefe de Estudos.

Así mesmo polo reverso desta folla deberase especificar que medidas inmediatas se tomaron con respecto á incidencia producida, medidas que poderán ser ratificadas, modificadas ou ampliadas pola Comisión de Convivencia , de ser o caso.

ALUMNO: \_\_\_\_\_

CURSO: \_\_\_\_\_ DATA: \_\_\_\_\_

INCIDENCIAS	Tr.	1. <sup>a</sup>	2. <sup>a</sup>	Re	3. <sup>a</sup>	4. <sup>a</sup>	Co	5. <sup>a</sup>	Tr.
Falta de puntualidade									
Négase a facer as actividades									
Molesta e impide a marcha da clase									
Non trae o material									
Non trae os deberes									
Sae entre clase e clase									
Falta de respecto ao profesorado/alumnado..									

OBSERVACIÓNS:

**ESTE PLAN DE CONVIVENCIA FOI A APROBADO POLO CLAUSTRO DO CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ EN REUNIÓN DE DATA 30-01-2018 E RATIFICADO POLO CONSELLO ESCOLAR EN REUNIÓN DE DATA 30/01/2018.**

**ESTE PLAN DE CONVIVENCIA FOI MODIFICADO PARCIALMENTE POLO CLAUSTRO DO CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ EN REUNIÓN DE DATA 29-06-2021 E RATIFICADO POLO CONSELLO ESCOLAR EN REUNIÓN DE DATA 29 /06/2021**

*Covelo, 29 de XUÑO de 2021*

**O DIRECTOR**